

---

# CONFERENCIA NO CESGA

- Actualizado (29.07.2010)

O próximo venres 30 de Xullo, ás 12:00 horas, no Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA, Eva García Llorente, investigadora da Facultade de Matemáticas da Universidade de La Laguna, Tenerife, impartirá a conferencia: "Ideais monomiales: algoritmos básicos e descomposicións".

Resumo ponencia:

No anel de polinomios en  $n$  indeterminados con coeficientes nun corpo, os ideais monomiais son os ideais de dito anel que están xerados por monomios. O obxectivo é presentar a librería `monomial.lib`, implementada en singular e que está deseñada para realizar cálculos específicos con ideais monomiais. Vanse explicar os algoritmos de forma teórica, mostrando a súa vez un exemplo de cómo usar a correspondente función da mencionada librería.